

IV CARREIRA POPULAR CONCELLO DE MONTERROSO



REGULAMENTO

Artigo 1: Organización:

O Concello de Monterroso e o colectivo Correr en Monterroso organizan a IV Carreira popular Concello de Monterroso.

A proba terá lugar o vindeiro **domingo 11 de setembro de 2022**, con saída e meta na rúa Poeta **Lorenzo Varela** e discorrerá pola contorna da vila.

A proba estará aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 2: Categorías, distancias e horarios:

O circuito será sobre asfalto e estará pechado a todos os vehículos agás os autorizados pola organización. O percorrido estará controlado por persoas e vehículos da organización. **A PREVISION MAXIMA SERA DE 300 PARTICIPANTES**

| CATEGORÍA | ANO NACEMENTO | HORARIO | DISTANCIA |
|----------------------|----------------------|----------------|------------------|
| ANDAINA | Todas as idades | 10:50 h | 5.000m |
| SUB 20-SENIOR | 1988-2004 | 11:00 h | 10.000m |
| VETERÁN A | 1978-1987 | 11:00 h | 10.000m |
| VETERÁN B | 1968-1977 | 11:00 h | 10.000m |
| VETERÁN C | 1958-1967 | 11:00 h | 10.000m |
| VETERÁN D | 1957 e anteriores | 11:00 h | 10.000m |
| PITUFOS | (2016 e posteriores) | 12:30 h | 100m |
| PROMOCIÓN | (2013-2015) | 12:40 h | 500m |
| SUB 12 | (2011-2012) | 12:40 h | 500m |
| SUB 14 | (2009-2010) | 12:50 h | 1.000m |
| SUB 16 | (2007-2008) | 12:50 h | 1.000m |
| SUB 18 | (2005-2006) | 12:50 h | 1.000m |

Artigo 3: Peche de control:

O control de chegada na proba absoluta pecharase 70' despois da saída da mesma.

Artigo 4: Condicións de Participación:

- A inscrición na proba é persoal e intransferible

- **A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:**
Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización e os seus colaboradores, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.
- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en mans da organización.
- A proba estará controlada por persoal da organización, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento.
 Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Non respectar as indicacións dadas pola organización.
 - Non realizar todo o circuito da carreira.
 - Non levar o dorsal ou a manipulación do mesmo.
 - Falsificar datos persoais.
- Todo o non disposto neste regulamento rexerá polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores

Artigo 5: Inscrición:

A **inscrición** farase a través do enlace que se poderán atopar nas web <https://ccnorte.com/>

Os dereitos de inscrición na carreira absoluta terá un custe de 7€ ata a fin da inscrición o 6 de setembro de 2022. Nas probas de menores e a andaina serán gratuítos.

A inscrición pecharase o MARTES 6 de setembro ás 23:59 horas.

- **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo, concello de empadramento, teléfono móbil, correo electrónico e club. Tamén deberán sinalar se corre como popular ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza e o club.

Artigo 6: Retirada de Dorsais:

Os dorsais poderanse retirarse nos días previos a carreira. A data, horario e lugar comunicárase a través das redes sociais de correr en Monterroso e do Concello. O día da proba poderán recollese tamén na zona habilitada pola organización ata 45' antes da saída de cada proba.

Artigo 7: Premios:

- **A entrega de premios será na zona de meta o rematar as probas.**
- **Os premios non son acumulativos excepto no caso de participantes que compitan por equipos. Neste caso poderían recibir un premio individual e subir o podium como integrante dun equipo.**
- Premio aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta.
- Premio aos primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos como femininos.
- Na categoría de PITUFOS darase medalla a todos os participantes. Non haberá premiacións para esta categoría nin se farán clasificacións.
- Na categoría de PROMOCIÓN, SUB 12, SUB 14, SUB 16 e SUB18 darase un agasallo a todos os participantes, así como trofeo aos primeiros clasificados tanto masculino como

- feminino.
- **Trofeos ao e primeiros/as clasificados/as locais da carreira absoluta.** Considérase atleta local o que estea empadroado no concello de Monterroso
 - **O mellor equipo feminino (4 mulleres), o mellor equipo masculino (4 homes) e o mellor equipo mixto (2 mulleres e 2 homes)**

Artigo 8: Servizos para os participantes:

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira.

1. Aparcadoiro gratuíto (ata ocupación das prazas existentes).
2. Baños na zona de saída-chegada.
3. Recollida de dorsais e imperdíbeis.
4. Vestiarios na zona de meta.
5. Gardarroupa
6. Avituallamento na zona de saída da proba e no km 6 da carreira.
7. Ambulancia (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda).

Artigo 9: Seguro:

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

Artigo 10: Aceptación do regulamento:

A inscrición na proba conleva a autorización da publicación de fotografías ou vídeos da participación na mesma por parte do organizador e dos seus colaboradores, así coma os resultados. O descoñecemento do regulamento no exime do seu cumprimento.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións. A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquer aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

Artigo 11: Cambios do regulamento:

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá publicalo na web.

Artigo 12: Cambios do desenrolo da actividade e protocolo COVID:

As condicións de desenrolo da actividade pódense ver alteradas pola situación da pandemia. O protocolo COVID a aplicar durante o evento publicarase na web da carreira www.correrenmonterroso.es e nas redes sociais na semana de celebración da mesma. Este protocolo axustarase a situación sanitaria na semana da carreira. Tódolos participantes no evento teñen a obriga de consultalo protocolo COVID e cumprilo en todo

momento a fin de que teñamos carreira segura para todos.

Organiza: Concello de Monterroso

Colabora: Correr en Monterroso



Concello de Monterroso

